

# Debuxos de Castelao gravados en cinc para ilustrar *El Barbero Municipal*

Na colección de gravado do Museo de Pontevedra consérvase un conxunto de *matrices* nas que as imaxes representadas, abertas na *Imprenta y fotogravado Ferrer* da Coruña<sup>1</sup>, se corresponden con debuxos da autoría de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Un total de catro pranchas de cinc de medidas variables - fixadas a tacos de madeira de un grosor medio de 23 mm- destinadas a ilustrar a páxina principal do semanario conservador, satírico e anticaciquil *El Barbero Municipal*, editado en Rianxo desde 1910 ata 1914.



O director gráfico e administrativo deste periódico semanal foi precisamente Castelao e a el se deben todas as súas ilustracións ademais das viñetas e dúas cabeceiras. O denominador común para a maior parte delas será a temática satírico-humorística reforzada pola presenza

<sup>1</sup> O taller de fotogravado foi montado a finais da década de 1880 na Coruña polo catalán Francisco Ferrer y Puigdemolas. Estaba á altura dos mellores de España cos máis avanzados medios da época. O seu nome comercial era *Talleres de Fotograbado e Imprenta*. Co pasamento do fundador a razón social pasa a denominarse *Vda. de Ferrer e Hijo* tomando a dirección o fillo do anterior, Pedro Ferrer Sanz que continuará ata o seu falecemento en 1939. CENDÁN VILELA, Manuel, "Editores-impresores de Galicia. Papelería Ferrer. Talleres de Fotograbado e Imprenta. Real 61.Coruña", *Museo de Pontevedra*, Pontevedra, tomo LX, 2006, pp. 217-219.

de textos críticos a modo de poema empregados en conxunto para caricaturizar ós liberais, rianxeiros ou non, os seus principais opositores políticos: José Canalejas, Rafael Gasset, José Ortega Munilla, Manuel Viturro, José Varela, José Cubeiro, Manuel Pérez ou José Barreiro entre outros.

Unha aposta creativa considerada por moitos de grande interese na vida artística de Castelao —era a primeira vez na que tiña que enfrontarse coa caricatura política e satírica— na que o obxectivo principal era obviamente resaltar os defectos dos protagonistas, ridiculizándoos ante os posibles votantes.

As imaxes que aparecen nas láminas conservadas no Museo de Pontevedra —ingresaron no ano 1977 como doazón da familia Baltar Feijoo xunto a outro importante conxunto de fondos bibliográficos e hemerográficos— foron publicadas nos anos 1912 e 1913. Ocuparon o cadro central das primeiras páxinas dos números 115,141, 154 e 159, estando sempre acompañadas por un texto tamén crítico que sen embargo non foi aberto na lámina de metal.



A primeira das publicadas, correspondente co Rº 8.088, representa como un espantallo, en medio dunha horta valada e baixo a atenta mirada dun campesiño que suxeita unha fouce, a Manuel Viturro Posse, Secretario da Deputación da Coruña e líder do Partido liberal en Rianxo. Ós seus pés as cabezas de Manuel Pérez García, alcalde da citada vila e José Varela, fundador do semanario *Buenas noches*, defensor das ideoloxías liberais e claro rival do *Barbero Municipal*. O texto que os acompaña é o que segue:

*Se d'o vento dura racha  
Non vota ó espantallo ó chan  
Presto ó tumbará de facha  
C'a fouce que ten na man.*

Ségueo no tempo a que conta co Rº 8.084, na que de novo o *barbeiro* se dispón a *atacar* a Manuel Viturro, un dos políticos aos que Castelao máis recorrerá para estas viñetas e que nesta ocasión se agarra con forza ao tronco da árbore que o anterior está cortando. O texto



escollido para a ocasión foi:

O BARBEIRO: -¿Con que non queres baixar?  
 Pois agarda un pouquiño,  
 que á baixar vas de camiño...  
 ¡ e d'o chan n'as de pasar!

A que ten o Rº 8.086 destinouse á primeira páxina do 21 de xuño de 1913 para o artigo de Rafael Iglesias titulado *Frescos y faranduleros*. Nesta ocasión Manuel Viturro acompañado de José Varela aparece vestido como un indio americano.



O texto do pé descríbese do seguinte modo:

*Estos qu' en panos menores,  
millor dito, ó natural,  
pintados vedes, leutores,  
son os amos e señores  
d'unha tribu... liberal.*

A última das viñetas de carácter crítico (Rº 8.085) segue a liña das anteriores, pero nesta ocasión recorreu como inspiración ao *Capricho 59* da serie de Goya.



Publicada na primeira páxina do 26 de xullo de 1913 nela aparece Rafael Gasset, presidente do Partido liberal, sostendo unha gran lousa coa inscrición *JUSTICIA* para evitar que caia sobre algún dos seus compañeiros ideolóxicos: Manuel Vitorro Posse, Manuel Pérez, José Varela e José Ortega Munilla –pai do famoso liberal español- representante en Cortes, como deputado, das terras padronesas.



O texto escollido para figurar ao pé foi tomado tamén da obra de Goya mencionada e é o que segue:

*El que no reflexiona sobre la inestabilidad de la fortuna; duerme tranquilo, rodeado de peligros, ni sabe evitar el daño que le amenaza, ni hay desgracia que no le sorprenda.*

Completan o grupo de láminas destinadas a ilustrar *El Barbero Municipal* dous exemplares, que quizás tamén tería debuxado Castelao, publicados en cadanseu artigo dos números 158 e 174 de 1913. O primeiro deles, un esbozo da parroquia de Taragoña e a súa antiga casa-escola, apareceu no dedicado á escola de Taragoña. O outro, o proxecto do trazado da estrada de Boimorto a Muros, dispúxose na primeira páxina baixo o encabezamento *DESDE PADRON* –*Los planes del caciquismo gassetista*, acompañado do correspondente texto explicativo.



Natalia Fraguas Fernández  
Conservadora do Museo de Pontevedra

Bibliografía: JOSE ANTONIO DURÁN, *El primer Castelao*, Siglo XXI de España Editores, Madrid, 1972; VALENTÍN PAZ ANDRADE, *Castelao na luz e na sombra*, Ediciós do Castro, A Coruña, 1982; CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ, *Castelao: caricaturas e autocaricaturas*, Ediciós do Castro, A Coruña, 1986; *Castelao. Exposición 50 aniversario*, Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2000.